

Lugo cambia

turismo.deputacionlugo.gal



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Ribeira
Sacra


Xeodestinos da provincia de Lugo / Geodestinos de la provincia de Lugo

GAL ▶ Dende o Cantábrico ata o Canón do Sil e dende as Serras Orientais á Dorsal Galega, a provincia de Lugo atesoura paisaxes culturais onde a diversidade da natureza, do patrimonio e das formas de vivir nos falan dun territorio cheo de contrastes.

Os 67 municipios da provincia intégranse en catro xeodestinos: A Mariña Lucense, Lugo-Terra Chá, Ancares-Courel e Ribeira Sacra. Todos eles forman en conxunto un mosaico que nos permitirá achegarnos á Galicia máis xenuína e vivir experiencias forxadas na autenticidade da súa xente, da súa historia e dos seus espazos naturais.

ES ▶ Desde el Cantábrico hasta el Cañón del Sil y desde las Sierras Orientales a la Dorsal Gallega, la provincia de Lugo atesora paisajes culturales donde la diversidad de la naturaleza, del patrimonio y de las formas de vivir nos hablan de un territorio lleno de contrastes.

Los 67 municipios de la provincia se integran en cuatro geodestinos: A Mariña Lucense, Lugo-Terra Chá, Ancares-Courel y Ribeira Sacra. Todos ellos forman en conjunto un mosaico que nos permitirá acercarnos a la Galicia más genuina y vivir experiencias forjadas en la autenticidad de su gente, de su historia y de sus espacios naturales.



Descubre a Ribeira Sacra

- 1 A Pobra do Brollón
- 2 Bóveda
- 3 Carballedo
- 4 Chantada
- 5 Monforte de Lemos
- 6 O Saviñao
- 7 Pantón
- 8 Paradela
- 9 Portomarín
- 10 Quiroga
- 11 Ribas de Sil
- 12 Sober
- 13 Taboada

#LugoCambia

Lugo cambia

Marco xeográfico
Marco geográfico

 Canón do Sil / Cañón del Sil

GAL ▶ O xeodestino Ribeira Sacra Lucense comprende os municipios da Pobra do Brollón, Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Taboada. A Ribeira Sacra tamén se estende por terras de oito municipios do norte da provincia de Ourense.

Desde o punto de vista xeográfico, este territorio abarca a contorna dos profundos e escarpados vales fluviaís que o Sil e o Miño labraron ao seu paso por estas terras. Durante a Idade Media, numerosas comunidades relixiosas elixiron esta privilexiada paisaxe como lugar de retiro espiritual fundando mosteiros a cuxo esplendor puxo punto e final a Desamortización.

ESP ▶ El geodestino Ribeira Sacra Lucense comprende los municipios de A Pobra do Brollón, Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober y Taboada. La Ribeira Sacra también se extiende por tierras de ocho municipios del norte de la provincia de Ourense.

Desde el punto de vista geográfico, este territorio abarca el entorno de los profundos y escarpados valles fluviales que el Sil y el Miño labraron a su paso por estas tierras. Durante la Edad Media, numerosas comunidades religiosas eligieron este privilegiado paisaje como lugar de retiro espiritual fundando monasterios a cuyo esplendor puso punto y final la Desamortización.

Ribeira
Sacra

#LugoCambia

Lugo cambia

Marco xeográfico
Marco geográfico

 Convento de Ferreira de Pantón

GAL ▶ Como recordo deste brillante pasado quedan igrexas románicas onde a arte foi concibida como unha linguaxe pedagóxica para o home medieval.

Ás comunidades relixiosas débese tamén o auxe do cultivo da vide, aínda que a súa lendaria orixe está ligada á pegada que a romanización deixou nestas terras, unha etapa durante a que tamén se desenvolveron outras actividades como a minería aurífera e o cultivo de oliveiras.

A Ribeira Sacra é hoxe un puxante destino onde as industrias do viño e do turismo acadaron un éxito que levou ao seu recoñecemento internacional. Ríos, arte, vides, home e paisaxe: unha combinación perfecta nesta xoia da Galicia interior que está declarada Ben de Interese Cultural.

ESP ▶ Como recuerdo de este brillante pasado quedan iglesias románicas donde el arte fue concebido como un lenguaje pedagógico para el hombre medieval.

A las comunidades religiosas se debe también el auge del cultivo de la vid, aunque su legendario origen está vinculado a la huella que la romanización dejó en estas tierras, una etapa durante la que también se desarrollaron otras actividades como la minería aurífera y el cultivo de olivos.

La Ribeira Sacra es hoy un pujante destino donde las industrias del vino y del turismo han alcanzado un éxito que ha llevado a su reconocimiento internacional. Ríos, arte, viñedos, hombre y paisaje: una combinación perfecta en esta joya de la Galicia interior que está declarada Bien de Interés Cultural.

Ribeira
Sacra

#LugoCambia

Lugo cambia

Natureza
Naturaleza

 Cabo do Mundo

GAL ▶ O medio natural da Ribeira Sacra atópase indiscutiblemente ligado ás paisaxes agrarias e aos profundos vales que forman os ríos Miño, Sil e Cabe. Unha topografía singular que posibilita a existencia dun microclima benigno con matices mediterráneos, o que outorga á paisaxe unhas características idóneas para o cultivo da vide.

Ademais, o encaixamento fluvial foi un dos factores que propiciaron a construción de encoros nas décadas dos anos 50 e 60 para a produción hidroeléctrica. O resultado son augas remansadas polas que sucun **embarcacións turísticas** que percorren desde diferentes embarcadoiros o corazón da Ribeira Sacra.

Dentro dos espazos naturais protexidos, a Rede Natura 2000 inclúe na Ribeira Sacra tres Zonas de Especial Conservación: **o Canón do Sil** nas súas vertentes máis escarpadas, **o Río Cabe**, onde se atopan algunhas das vides máis espectaculares pola súa verticalidade e **o Monte Faro**, situado en pleno corazón de Galicia.

ESP ▶ El medio natural de la Ribeira Sacra se encuentra indiscutiblemente vinculado a los paisajes agrarios y a los profundos valles que forman los ríos Miño, Sil y Cabe. Una topografía singular que posibilita la existencia de un microclima benigno con matices mediterráneos, lo que otorga al paisaje unas características idóneas para el cultivo del viñedo.

Además, el encajamiento fluvial fue uno de los factores que propiciaron la construcción de embalses en las décadas de los años 50 y 60 para la producción hidroeléctrica. El resultado son aguas remansadas por las que surcan **embarcaciones turísticas** que recorren desde diferentes embarcaderos el corazón de la Ribeira Sacra.

Dentro de los espacios naturales protegidos, la Red Natura 2000 incluye en la Ribeira Sacra lucense tres Zonas de Especial Conservación: **el Cañón del Sil** en sus vertientes más escarpadas, **el Río Cabe**, donde se encuentran algunos de los viñedos más espectaculares por su verticalidad y **el Monte Faro**, situado en pleno corazón de Galicia.

Ribeira
Sacra

Lugo cambia

Natureza
Naturaleza

 Embarcadero de Doade / Embarcadero de Doade



RUTAS EN CATAMARÁN ▶

Compra anticipada de billetes:  reservas.rutasembalses.es

Reservas e información turística:  982 260 196  catamaranes.turismo@deputacionlugo.org

GAL ▶ Na zona oriental da Ribeira Sacra lucense, as montañas do Courel comezan a asomarse en municipios como A Pobra do Brollón e Quiroga, onde se sitúa o Monumento Natural do **Pregamento Sinclinal de Campodola-Leixazós**, todo un referente para coñecer a evolución xeolóxica de Galicia.

Para descubrir as paisaxes da Ribeira Sacra en todo o seu esplendor, ademais das **rutas en catamarán polo Miño e o Sil**, acondiciónáronse numerosos **miradoiros** que se asoman ao abismo dos cañóns do Miño, o Sil e o Cabe. Moi coñecidos son os miradoiros do Duque, en Monforte de Lemos; Pena do Castelo, Soutochao, Chelos, Cadeiras, Santiorxo, Boqueiriño e Cividade, en Sober e O Cabo do Mundo, no Saviñao, con increíbles vistas sobre o meandro máis famoso do Miño ao seu paso pola Ribeira Sacra.

ESP ▶ En la zona oriental de la Ribeira Sacra lucense, las montañas del Courel comienzan a asomarse en municipios como A Pobra do Brollón y Quiroga, donde se sitúa el Monumento Natural del **Pliegue Sinclinal de Campodola-Leixazós**, todo un referente para conocer la evolución geológica de Galicia.

Para descubrir los paisajes de la Ribeira Sacra en todo su esplendor, además de las **rutas en catamarán por el Miño y el Sil**, se han acondicionado numerosos **miradores** que se asoman al abismo de los cañones del Miño, el Sil y el Cabe. Muy conocidos son los miradores del Duque, en Monforte de Lemos; Pena do Castelo, Soutochao, Chelos, Cadeiras, Santiorxo, Boqueiriño y Cividade, en Sober y O Cabo do Mundo, en O Saviñao, con increíbles vistas sobre el meandro más famoso del Miño a su paso por la Ribeira Sacra.

1) Pregamento de Campodola
2) Miradoiro da Pena do Castelo

1) Pliege de Campodola
2) Mirador de A Pena do Castelo

(1)



(2)

Lugo cambia

Patrimonio cultural

 Castro de Candaz

GAL ▶ A Ribeira Sacra conserva relevantes exemplos do patrimonio cultural que permiten facer un percorrido pola liña do tempo dende épocas prehistóricas ata a actualidade: vestixios arqueolóxicos como o **dolmen de Abuíme, os castros de Candaz, San Lourenzo de Cereixa, Castromaior e Fión** ou o **túnel de Montefurado**, fálannos dunha intensa ocupación humana do territorio desde épocas temperás.

Durante a Idade Media asentáranse na Ribeira Sacra numerosas comunidades religiosas que construírán os seus mosteiros na contorna dos vales do Sil e do Miño. Testemuñas directas desta época floreciente son as igrexas parroquiais que chegaron ata os nosos días e que fan deste territorio o de maior concentración de románico rural de Europa. Destacados exemplos desta etapa son **San Xoan de Portomarín, Santo Estevo de Ribas do Miño, San Paio de Diomondi, Santa María de Pesqueiras, Santa María de Nogueira, San Xoan da Cova, Santo Estevo de Chouzán, San Miguel de Eiré, San Vicente de Pombeiro, Santo Estevo de Atán, San Fiz de Cangas, San Xiao de Lobios** ou o convento do Divino Salvador de Ferreira de Pantón.

ESP ▶ La Ribeira Sacra conserva relevantes ejemplos del patrimonio cultural que permiten hacer un recorrido por la línea del tiempo desde épocas prehistóricas hasta la actualidad: vestigios arqueológicos como el **dolmen de Abuíme, los castros de Candaz, San Lourenzo de Cereixa, Castromayor y Fión** o el **túnel de Montefurado**, nos hablan de una intensa ocupación humana del territorio desde épocas tempranas.

Durante la Edad Media se asentarán en la Ribeira Sacra numerosas comunidades religiosas que construírán sus monasterios en el entorno de los valles del Sil y del Miño. Testigos directos de esta época floreciente son las iglesias parroquiales que han llegado hasta nuestros días y que hacen de este territorio el de mayor concentración de románico rural de Europa. Destacados ejemplos de esta etapa son **San Xoan de Portomarín, Santo Estevo de Ribas do Miño, San Paio de Diomondi, Santa María de Pesqueiras, Santa María de Nogueira, San Xoan da Cova, Santo Estevo de Chouzán, San Miguel de Eiré, San Vicente de Pombeiro, Santo Estevo de Atán, San Fiz de Cangas, San Xiao de Lobios** o el convento del Divino Salvador de Ferreira de Pantón.

Ribeira
Sacra

Lugo cambia

Patrimonio cultural

 Santo Estevo de Ribas do Miño



GAL ▶ Á oferta monumental do xeodestino únense os **centros históricos de Portomarín, Chantada e Monforte de Lemos** situados, respectivamente, nas beiras dos ríos Miño, Asma e Cabe. En Portomarín destacan as igrexas románicas e os pazos urbanos “rescatados” das augas do encoro de Belesar; en Chantada destacan edificios como a casa da cultura e o convento de San Salvador de Asma e, en Monforte, o conxunto monumental de San Vicente do Pino ou o Colexio da Nosa Señora da Antiga, coñecido como “O Escorial Galego”.


Ribeira Sacra é tamén lugar de peregrinación cara Santiago de Compostela. Por aquí pasan o **Camiño Francés e o Camiño de Inverno**, unha ruta empregada desde a Idade Media polos peregrinos que desexaban evitar os nevados cumios do Cebreiro en época invernal. Hoxe esta ruta conta con recoñecemento oficial e une algúns dos elementos patrimoniais máis destacados da zona nas etapas que transcorren entre Albaredos (Quiroga) e o Alto do Faro en Chantada.

- 1) Colexio da Nosa Señora da Antiga
- 2) Camiño de Inverno

ESP ▶ A la oferta monumental del geodestino se unen los **centros históricos de Portomarín, Chantada y Monforte de Lemos** situados, respectivamente, a orillas de los ríos Miño, Asma y Cabe. En Portomarín destacan las iglesias románicas y pazos urbanos “rescatados” de las aguas del embalse de Belesar; en Chantada destacan edificios como la casa de la cultura y el convento de San Salvador de Asma y, en Monforte, el conjunto monumental de San Vicente do Pino o el Colegio de Nuestra Señora de la Antigua, conocido como “El Escorial Gallego”.

Ribeira Sacra es también lugar de peregrinación hacia Santiago de Compostela. Por aquí pasan el **Camiño Francés y el Camiño de Invierno**, una ruta empleada desde la Edad Media por los peregrinos que deseaban evitar las nevadas cumbres de O Cebreiro en época invernal. Hoy esta ruta cuenta con reconocimiento oficial y une algunos de los elementos patrimoniales más destacados de la zona en las etapas que transcurren entre Albaredos (Quiroga) y el Alto do Faro en Chantada.

- 1) Colegio de Nuestra Señora de la Antigua
- 2) Camino de Invierno



Lugo cambia

Patrimonio cultural

 Olería de Gundivós / Alfarería de Gundivós



GAL ▶ A oferta museística e de artesanía da Ribeira Sacra pon o broche de ouro á súa herdanza patrimonial con equipamentos culturais como o **Ecomuseo de Arxeriz** no Saviñao e, en Monforte, o **Centro do Viño da Ribeira Sacra**, o **Museo do Ferrocarril**, os **Pazos de Tor** e **Molinos de Antero**, o **Museo Casa de Bonecas**, o **Museo de Arte Sacra das Clarisas**, o **Museo Torre da Homenaxe** e a **Pinacoteca da Nosa Señora da Antiga**.

Completan a oferta o **Museo Xeolóxico de Quiroga** e a **Olería de Gundivós**, elaborada artesanalmente empregando o torno manual baixo.

1) Torre da Homenaxe
2) Museo do Ferrocarril de Galicia

ESP ▶ La oferta museística y de artesanía de la Ribeira Sacra pone el broche de oro a su herencia patrimonial con equipamientos culturales como el **Ecomuseo de Arxeriz** en O Saviñao y, en Monforte, el **Centro del Vino de la Ribeira Sacra**, el **Museo del Ferrocarril**, los **Pazos de Tor** y **Molinos de Antero**, el **Museo Casa de Muñecas**, el **Museo de Arte Sacro de las Clarisas**, el **Museo Torre del Homenaje** y la **Pinacoteca de Nuestra Señora de la Antigua**.

Completan la oferta el **Museo Geológico de Quiroga** y la **Alfarería de Gundivós**, elaborada artesanalmente empleando el torno manual bajo.

1) Torre del Homenaje
2) Museo del Ferrocarril de Galicia



Lugo cambia

Gastronomía

 Viñedos en Sober

GAL ▶ A Ribeira Sacra é unha **zona de produción vinícola** que posúe unha extensión de 2.500 hectáreas de viñedo amparadas por **Denominación de Orixe**. O territorio que abarca esta Denominación comprende máis de 20 municipios que se sitúan nas ribeiras dos ríos Miño, Sil e Cabe, na parte sur da Provincia de Lugo e no norte de Ourense.

Esta zona caracterízase polos coñecidos **socalcos**, vides en bancais de gran pendente que se sitúan nas ladeiras das montañas e en abruptos canóns xunto con bosques autóctonos e especies mediterráneas. Nestes empinados vales, Home e medio natural danse a man para crear unha paisaxe cultural que é inseparable da idiosincrasia dos viños que aquí se producen e que son froito do esforzo e da dedicación dos adegueiros. Un auténtico viño de heroes cunha inconfundible personalidade outorgada polo medio natural e as dificultades do terreo.

ESP ▶ La Ribeira Sacra es una **zona de producción vinícola** que posee una extensión de 2.500 hectáreas de viñedo amparadas por **Denominación de Origen**. El territorio que abarca esta Denominación comprende más de 20 municipios que se sitúan en las ribeiras de los ríos Miño y Sil, en la parte sur de la Provincia de Lugo y en el norte de Orense.

Esta zona se caracteriza por los conocidos **socalcos**, viñedos en bancales de gran pendiente que se sitúan en las laderas de las montañas y en abruptos cañones junto con bosques autóctonos y especies mediterráneas. En estos empinados valles, Hombre y medio natural se dan la mano para crear un paisaje cultural que es inseparable de la idiosincrasia de los vinos que aquí se producen y que son fruto del esfuerzo y de la dedicación de los bodegueros. Un auténtico vino de héroes con una inconfundible personalidad otorgada por el medio natural y las dificultades del terreno.

Ribeira
Sacra

Lugo cambia

Gastronomía

 Feira do Viño de Amandi / Feria del Vino de Amandi. Sober



GAL ▶ O viño protagoniza unha parte esencial da oferta turística do destino. A **Ruta do Viño da Ribeira Sacra** aglutina baixo unha mesma temática adegas visitables, aloxamentos, restaurantes e museos cuxa oferta xira ao redor dun produto que hoxe se exporta a países como os Estados Unidos, Noruega, Reino Unido, Francia, Suecia, Australia, Alemaña ou o Xapón.

Ademais do viño, **a augardente e a torta de Portomarín, a rosca de Sober, a carne, o mel, o aceite de Quiroga, as cereixas ou as castañas** completan o atractivo da oferta gastronómica de calidade da Ribeira Sacra.

ESP ▶ El vino protagoniza una parte esencial de la oferta turística del destino. La **Ruta del Vino de la Ribeira Sacra** aglutina bajo una misma temática bodegas visitables, alojamientos, restaurantes y museos cuya oferta gira en torno a un producto que hoy se exporta a países como Estados Unidos, Noruega, Reino Unido, Francia, Suecia, Australia, Alemania o Japón.

Además del vino, **el aguardiente y la tarta de Portomarín, la rosca de Sober, la carne, la miel, el aceite de Quiroga, las cerezas o las castañas** completan el atractivo de la oferta gastronómica de calidad de la Ribeira Sacra.

(1)



(2)



1) Mostra do Aceite en Quiroga
2) Cereixas

1) Muestra del Aceite en Quiroga
2) Cerezas

Lugo cambia

Festas
Fiestas

 Oso de Salcedo

GAL ▶ O calendario festivo da Ribeira Sacra está intimamente ligado aos seus produtos gastronómicos. O viño marca as citas imprescindibles da axenda de lecer do destino nos primeiros meses do ano coas **Feiras de Chantada, Sober, Quiroga, Pantón, Vilachá e Ribas do Sil**.

Otras celebracións destacadas son a **Mostra do Aceite de Quiroga e a Festa do Caldo de Ósos de Taboada**, declaradas de Interese Turístico Galego; a **Festa da Augardente de Portomarín, a Festa da Carne ao Caldeiro de Carballedo, a Feira do Mel de Quiroga, a Festa da Rosca de Sober, a Feira do Viño e a Cereixa de Belesar** ou a **Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Monforte**.

Singulares son tamén as festas que rinden homenaxe a tradicións ancestrais como o popular **Entroido Ribeirao e o de Salcedo**, coas súas características personaxes, así como as festas de carácter agrícola e pagán como o **Folión de Carros de Chantada** ou a **Festa das Fachas de Castelo de Taboada**, ambas declaradas de Interese Turístico Galego.

ESP ▶ El calendario festivo de la Ribeira Sacra está íntimamente vinculado a sus productos gastronómicos. El vino marca las citas imprescindibles de la agenda de ocio del destino en los primeros meses del año con las **Ferias de Chantada, Sober, Quiroga, Pantón, Vilachá y Ribas do Sil**.

Otras celebraciones destacadas son la **Muestra del Aceite de Quiroga y la Fiesta del Caldo de Huesos de Taboada**, declaradas de Interés Turístico Gallego; la **Fiesta del Aguardiente de Portomarín, la Fiesta de la Carne ao Caldeiro de Carballedo, la Feria de la Miel de Quiroga, la Fiesta de la Rosca de Sober, la Feria del Vino y la Cereza de Belesar** o la **Muestra de Vinos de la Ribeira Sacra de Monforte**.

Singulares son también las fiestas que rinden homenaje a tradiciones ancestrales como el popular **Entroido Ribeirao y el de Salcedo**, con sus característicos personajes, así como las fiestas de carácter agrícola y pagano como el **Folión de Carros de Chantada** o la **Fiesta de las Fachas de Castelo de Taboada**, ambas declaradas de Interés Turístico Gallego.

Ribeira
Sacra

< Foto de portada: Río Sil



Precisas un cambio?

¿Necesitas un cambio?

#LugoCambia

 turismo.deputacionlugo.gal  982 260 000  turismo@deputacionlugo.org

 fb.com/TurCulDepuLugo

 [@TurCulDepuLugo](https://twitter.com/TurCulDepuLugo)

 instagram.com/turculdeputlugo

 Turismo Deputación de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Lugo
cambia 